


PLAN TIC



CEIP DE
VIÑAGRANDE-
DEIRO

2020-2021

INDÍCE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. OBXECTIVOS.....	3
3. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO.....	4
4. O INFORMADEIRO.....	5
4.1. RADIODEIRONLINE	5
4.2. A XANELA DE VIÑAGRANDE	5
4.3. TELEVIÑAGRANDE	5
5. CONCRECIÓN CURRICULAR.....	5
6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	8
6.1. APLICACIÓNS DE USO EDUCATIVO.....	8
7. AVALIACIÓN DO PLAN TIC	9
7.1. INDICADORES DE LOGRO	9

1. INTRODUCCIÓN

Atendendo ao Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo de Educación Primaria, ademais la Lei orgánica 3/2020 pola que se modifica a Lei Orgánica de Educación 2/2006 (LOMLOE) o CEIP de Viñagrande-Deiro integra as TIC na práctica educativa a través da participación nos proxectos que oferta a Consellería como o Proxecto Abalar, o Proxecto EDIXGAL, o Club de Ciencia e os Contratos Programa.

O centro conta con acceso a Internet en todos os espazos do centro e cun equipamento informático moi completo, do cal se realiza un axeitado mantemento.

Cada aula dispón dun ordenador de sobremesa. Asemade, moitas teñen encerado dixital e impresora.

No anexo da biblioteca hai dous ordenadores portátiles e unha impresora para usar polo alumnado.

Na biblioteca hai unha televisión Samsung e un Apple TV.

Na radio hai un ordenador de mesa (MAC).

Na sala do profesorado hai un ordenador de mesa e unha impresora.

Nas dependencias administrativas hai tres ordenadores de mesa e unha impresora.

O Departamento de Orientación dispón dun ordenador portátil.

Asemade, dispoñemos de oito ipads, catro móbiles Samsung, dúas cámaras 360, un robobó, 6 mbots, catro gafas de realidade virtual, unha cámara de fotos e unha cámara de vídeo. O centro conta con 40 tablets Samsung, cada aula dispón das mesmas en función do número de alumnado.

O alumnado das aulas de 5º e 6º de Educación Primaria e o profesorado que imparte docencia nas mesmas dispoñen dun ordenador portátil propio. O resto do profesorado de Educación Primaria conta cun ordenador portátil.

2. OBXECTIVOS

1. Empregar as TICs como medio de creación, expresión e produción de ideas.
2. Mellorar a procura de información a través de medios tecnolóxicos e potenciar o sentido crítico do alumnado no tratamento desta información.
3. Promover o uso de programas e aplicacións que faciliten a aprendizaxe do alumnado.

4. Controlar o tempo destinado ás tecnoloxías, sendo conscientes do poder de adicción das mesmas.

5. Coidar a dotación de recursos tecnolóxicos necesarios para desenvolver a competencia dixital do alumnado de xeito efectivo.

6. Elaborar protocolos do uso das TICs na aula que velen polo seu uso adecuado, respectuoso e equilibrado.

7. Fomentar a comunicación e participación de toda a comunidade educativa a través das TICs.

8. Compensar as desigualdades do acceso á educación, formación, información e incorporación tecnolóxica nos fogares.

3. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO

As liñas básicas son:

1. **Visualización dos traballos** do alumnado a través de diferentes medios de comunicación (páxina web, aula virtual, informadeiro...).

2. **Uso** das TICs para a creación de contido propio por parte do alumnado, empregando diferentes aplicacións e programas de manexo sinxelo, reducindo o uso das mesmas para tarefas reprodutivas e mecánicas ou xogos.

3. **Educación** no uso correcto, educativo e legal das redes sociais e das plataformas multimedia de uso diario.

4. **Alfabetización dixital** da comunidade educativa.

5. **Compensación de desigualdades** de acceso á educación, formación, información e incorporación tecnolóxica nos fogares.

6. **Integración das TICs no** proceso educativo do centro, non só como ferramentas senón como medio para levar a cabo a aprendizaxe.

7. **Uso** controlado das TICs, equilibrando o tempo que o alumnado pasa con elas coa realización doutras tarefas con todo tipo de materiais (bibliográficos, artísticos, naturais, manipulativos...), dependendo das diferentes idades.

8. **Coidado** polo tratamento respectuoso, tanto coas persoas (foros, chats, plataformas dixitais...) como cos contidos dixitais (dereitos de autor, licenzas de uso libre...)

4. O INFORMADEIRO

O Informadeiro foi creado para o traballo cos medios de comunicación por parte do alumnado, como unha maneira de mellorar a comunicación, comprensión e expresión e como unha vía para darlle saída ás creacións e producións realizadas nas distintas aulas. As propostas céntranse, fundamentalmente, no traballo coa televisión, a radio e a prensa. Cada un destes medios sitúase nun espazo diferenciado:

- a radio na aula que hai antes da biblioteca (á dereita das escaleiras de subida, entre as escaleiras e a biblioteca).
- a prensa na zona de ordenadores do anexo da biblioteca.
- a TV na zona central da biblioteca.

4.1. RADIODEIRONLINE

Programación radiofónica creada polo alumnado empregando plataformas online para producir os distintos programas e podcast.

4.2. A XANELA DE VIÑAGRANDE

Xornal escolar interactivo, grazas á posibilidade de inserir arquivos multimedia (fotos, audios, presentacións, vídeos...), no que se inclúen diferentes tipoloxías de textos, tanto informativos como de opinión.

4.3. TELEVIÑAGRANDE

Programación en formato vídeo con diferentes canles temáticos.

5. CONCRECIÓN CURRICULAR

1º	2º	3º	4º	5º	6º
MANEXO DOS DISPOSITIVOS					
-Encendido/ apagado.	-Uso da función de cámara de foto.	-Uso da función de cámara de vídeo.	- Coñecer distintos programas de edición de imaxe, vídeo e audio.	-Edición de fotos (recortar, aumentar/ diminuír proporcionalmente...).	-Edición de vídeo e audio.
-Uso do rato.				- Coñecer as funcións do botón dereito do rato.	- Escritura no teclado coas dúas mans.
-Recoñecemento de símbolos básicos e comúns en dispositivos (play, stop).	-Recoñecemento de símbolos básicos e comúns en dispositivos (pause, avanzar, retroceder).				
-Recoñecemento de iconas habituais.	-Acceso ás aplicacións ou programas habituais.			- Baleirar a papeleira.	- Coñecer programas de uso habitual nos ordenadores Edixgal.
-Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador, nomeándoos correctamente cando se traballa con eles: rato, teclado, pantalla.	Primeiro contacto coa tablet: premer nas iconas			-Uso da calculadora.	
ELABORACIÓN DE TRABALLOS					
-Procesador de texto: escritura de palabras con axuda.	-Procesador de texto: escritura de frases.	-Procesador de texto: escritura de pequenos textos (maiúsculas/ minúsculas), propiedades da letra (cor, tamaño, negriña...), copiar imaxes.	-Procesador de texto: inserir título.	-Procesador de texto: propiedades do texto (sangría, xustificar...), deseño de páxina (borde, orientación...), inserir ligazón -Procesador de texto: converter documento a pdf.	-Procesador de texto: coidar a organización da información (título, subtítulo, texto, imaxe, pé de foto...), inserir gráfico, formato da imaxe (posición respecto ao texto, efectos...), inserir táboas, uso do corrector (selección de idioma, corrector ortográfico...)
	-Presentacións: escritura de frases.	-Presentacións: con texto e imaxe (tipo carteis).	-Presentacións: formato diapositivas (título, transicións, efectos...)	-Presentacións: con vídeo e enlaces externos.	-Presentacións: gráficos, formato da imaxe, táboas e

					enlaces dentro do propio documento. -Presentacións: converter a outro formato.
	-Xestión de ficheiros: abrir documento na icona correspondente.	-Xestión de ficheiros: crear un novo documento e gardalo (asignando un nome).	-Xestión de ficheiros: crear unha carpeta en distintas localizacións e eliminar documentos.	-Xestión de ficheiros: trasladar documentos, modificar o nome e recuperar documentos da papeleira.	
INTERNET/ BUSCA DE INFORMACIÓN					
	-Busca guiada de imaxes.	-Busca de imaxes (copiar e pegar).	-Busca por palabras, frases, imaxes, vídeos... en función do que se pretenda buscar.	-Selección de palabras clave para a busca de información.	-Selección das páxinas máis “fiables” para a busca de información. -Selección de ideas principais e elaboración da información (en función da finalidade desta).
			-Uso de plataformas habituais (canais de vídeo, buscadores).		
				-Enviar un correo electrónico: destinatario, asunto e corpo da mensaxe.	-Enviar un correo electrónico: documentos adxuntos.
					-Uso do xeolocalizador.
AULAS VIRTUAIS E VIDEOCONFERENCIAS					
	-Acceso á aula virtual e aos contidos do seu curso.	-Manexo da aula virtual: ver tarefas e realizar actividades en liña.	-Manexo da aula virtual: entregar tarefas (documento de texto), participar axeitadamente nos foros e comunicarse co profesorado a través da mensaxería.	-Manexo da plataforma EVA: acceso aos distintos contidos do seu curso e entrega de tarefas en diferentes formatos.	
				-Videoconferencias: acceso e uso dos “comandos” básicos (silenciar/ activar son, desconectar/ conectar vídeo, chat...).	

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En relación ao uso das TICs será preciso atender aos seguintes aspectos:

1. Posibles dificultades tecnolóxicas, por problemas de acceso (falta de equipos ou conexión) ou por escasa competencia dixital.
2. Distinto grao de autonomía do alumnado no uso dos dispositivos e na realización das tarefas.
3. Selección axeitada de programas ou aplicacións informáticas atendendo ás características do alumnado.

6.1. APLICACIÓNS DE USO EDUCATIVO

APLICACIÓN	DESCRICIÓN
Agenda de pictogramas	Creación de axendas con pictogramas e/ou texto para estruturar as rutinas.
Aprende Lengua de Signos	Linguaxe de signos.
Araboard	Ferramentas de comunicación alternativa e aumentativa.
Arasaac	Páxina web con pictogramas e recursos gratuítos.
Araword	Procesador de texto con pictogramas.
AutisMIND	Estimulación do pensamento social en persoas con TEA ou outros trastornos.
Autismo-Descubra emociones	Comprensión das emocións e expresións faciais.
Decide	Elaboración de diagramas de fluxo con información visual (pictogramas de Arasaac) e escrita.
Dictapicto	Comunicación a través de pictogramas.
E-mintza	Sistema de Comunicación Aumentativa e Alternativa.
Gestiac	Elaboración de rutinas con pictogramas de Arasaac.
José Aprende	Colección de contos adaptados con pictogramas.
Leo con Lula	Método de aprendizaxe da lectura global con pictogramas de Arasaac.
LetMetalk	Construción de frases con pictogramas.
Maxilotos Nathan	Léxico e categorías semánticas.
Minimo	Discriminación fonético-fonolóxica.
Pictodroid Lite	Sistema de Comunicación Aumentativa e Alternativa.
Pictodroid Med	Versión de Pictodroid Lite destinada á comunicación en contornos médicos.
PictogramAgenda	Configuración e uso de axendas visuais con pictogramas de Arasaac.
Picto Selector	Selección e impresión de taboleiros de comunicación, rutinas, horarios, anticipación, mapas conceptuais... con pictogramas de Arasaac, imaxes e fotografías.
Pictosonidos	Identificación de sons.
PictoTEA	Sistema de Comunicación Aumentativa e Alternativa.
Pictotraductor	Tradutor de texto a pictogramas.
Sígueme	Desenvolvemento dos procesos perceptivo-visuais e cognitivo-visuais e construción do acceso ao significado das palabras.
Story Cubes	Invención de historias baseándose en imaxes.

Sonigrama	Estimulación da atención visual e auditiva.
Soyvisual	Estruturação da linguaxe a través de preguntas e outros contidos que axudan a favorecer a súa xeneralización.
Symbotalk	Comunicador multiplataforma para PC e dispositivos móbiles que permite crear taboleiros de comunicación aumentativa.
TEAyudo a jugar	Estruturação do tempo de xogo con pictogramas de Arasaac.

7. AVALIACIÓN DO PLAN TIC

A avaliación deste plan realizarase ao longo de cada curso nas sesións de traballo do equipo de TICs, nas que se valorarán os datos recollidos e se introducirán as modificacións que se consideren oportunas, comunicándoas ao claustro.

Ademais, ao final do curso valorarase a consecución dos obxectivos tendo en conta os seguintes indicadores de logro. Esta valoración quedará recollida na memoria final xunto coas propostas de mellora de cara ao vindeiro curso.

7.1. INDICADORES DE LOGRO

	ACADADO	EN PROCESO	CON DIFICULTADE
Fíxose un uso maioritario das TICs para creación de contido (non tarefas reprodutivas)			
O alumnado adquiriu novas estratexias de busca, contraste e selección de información			
O uso dos recursos tecnolóxicos favoreceu o traballo na aula			
Existiu control do tempo dedicado ás TICs			
Dispúxose dos recursos tecnolóxicos necesarios e en boas condicións			
Coidouse o material tecnolóxico			
Establecéronse criterios para o uso adecuado e respectuoso das TICs			
Empregáronse canles tecnolóxicas de comunicación coas familias e resolvéronse as dúbidas que estas ocasionaron			
Detectáronse as dificultades de acceso tecnolóxico ou formación nos fogares e establecéronse canles para a súa solución			